

RESUMO DAS NOF DO IES FERROL VELLO – CURSO 2019-2020

Para garantir o cumprimento do plan de convivencia, o IES Ferrol Vello inclúe no seu Proxecto Educativo, entre outras, as seguintes normas básicas de organización e funcionamento:

- 1º **Puntualidade** nas horas de entrada ás clases.
- 2º **Prohibición de saír das aulas** entre as clases.
- 3º **Prohibición de fumar** en todo o recinto escolar.
- 4º Obriga de **coidar as instalacións** do centro, así como o material escolar.
- 5º **Prohibición de usar o teléfono móbil**, agás no recreo.

Así mesmo, recordámoslles que o uso ilícito de imaxes ou gravacións de voz está penado pola lei e considérase como unha falta moi grave. Os pais/nais ou tutores/as legais poderán sempre poñerse en contacto cos seus fillos ou viceversa, a través do teléfono do centro (881 930 291).

6º Está prohibido pasar e/ou xogar polo aparcamento e polo tanto, tamén pola zona detrás da cafetería.

Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia dentro do **recinto escolar** ou durante as **actividades extraescolares**, así como durante a prestación dos **servizos de comedor**. Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas que, aínda realizadas **fóra do recinto escolar**, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros/as ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, aquelas que constitúan **acoso escolar**.

INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA – SANCIÓN

1º Falta de puntualidade: aos alumnos que cheguen cun retraso non xustificado, non lles será permitida a entrada na aula. Quedarán co profesor de garda facendo as tarefas que o profesor ou a dirección consideren oportunas. Aqueles que cheguen reiteradamente tarde quedarán na zona de conserxería. Teñen prohibido ir ao baño entre as clases, salvo casos de forza maior ou permiso do profesor da hora seguinte.

2º Prohibición de saír das aulas: non poderán saír da aula entre clases, salvo que vaian a outras materias en aulas específicas (informática, música, plástica, tecnoloxía ou educación física) ou ben á taquilla en casos excepcionais. Co obxecto de axudarlles a cumprir esta norma, o presente curso haberá dous recreos de 15 minutos.

Sancións: apercibimento verbal de calquera membro da comunidade educativa. Se un mesmo alumno é reincidente, irá á Aula de Convivencia os días que se consideren oportunos.

3º Prohibición de fumar: O fumar dentro do recinto escolar ou o uso de calquera outra sustancia nociva para a saúde, está considerado como unha falta moi grave.

Sancións: cando un alumno sexa visto fumando ou ben cun pitillo, aínda sen fumar, irá expulsado 1 día para casa.



IES Ferrol Vello

1ª Reincidencia: expulsión de 2 días.

2ª Reincidencia: expulsión de 3 días.

3ª Reincidencia: apertura de expediente disciplinario.

4º O alumno está obrigado a reparar os danos que cause de forma intencionada ou por negligencia. Así mesmo, ten a obriga de restituír o substraído ou indemnizar o seu valor. Os pais ou títos legais serán responsables civís nos termos previstos pola lei.

Así mesmo cada alumno e cada grupo deberá manter a orde e a limpeza do seu pupitre e aula. Non ter material tirado polo chan, enriba da mesa ou nas mesas comúns para facer traballos ou exposicións. Manteranse así mesmo os pupitres aliñados e separados, mantendo as filas. Os profesores e títos velarán por que isto se manteña.

5º Está prohibido usar ou ter á vista o **teléfono móbil** durante as clases, horas de garda cando falta un profesor (agás que algún profesor llelo solicite por motivos pedagóxicos) e mesmo no cambio de clases. Só se poderá utilizar nos recreos.

Sancións: 1ª vez: aviso verbal.

2ª vez: falta leve → 1 día á Aula de Convivencia.

3ª vez: falta grave → expulsión de 1 día para casa.

6º Para disuadir aos alumnos de que non pasen á parte de atrás da cafetería, poñerase un poste disuasorio cun cartel de "prohibido o paso". Polo tanto, o que pase a esa zona terá as seguintes **sancións:**

1ª vez – Falta leve → Aviso verbal e anotación no parte de aula.

2ª vez – Cubriráselle ao alumno un parte de apercibimento de conduta incorrecta.

3ª vez – 1 día á Aula de Convivencia.

4ª vez – Expulsión de 1 día para casa.

5ª vez – Expulsión de 2 días para casa.

6ª vez – Expulsión de 3 días para casa.

7ª vez – Apertura de expediente disciplinario.

Estas normas básicas de convivencia están recollidas como anexo das NOF. Foron propostas polo Claustro de Profesores o día 28 de xuño de 2017 e modificadas nalgún aspecto no Claustro do 4 de maio de 2019 e informado o Consello Escolar o día 27 de xuño de 2019.

Tod@s os alumn@s teñen o deber de coñecer e cumprir estas normas básicas.

Todos os membros da comunidade educativa teñen o deber de coñecer e facer cumprir ditas normas.

Ferrol, a 9 de setembro de 2019